



Descrición

Conserva partes dos muros que forman o corredor, na que se pode observar a altura, que acadaba uns 3 metros. No concello de Cotobade hai tres: un en Carballedo (Paraños), outro en Valongo (na Conllosa) e este de Corredoira. Un couso, lobeira ou foxo de lobo é unha construción tradicional empregada no medio rural para a caza do lobo ou de calquera outro animal considerado daniño e perigoso. Habitualmente os seus elementos constitutivos son un par de muros ou sebes e un pozo ou foxo propiamente dito. Os valados teñen altura suficiente para impediren o paso dos lobos, e forman no terreo os dous lados dun triángulo. No seu vértice hai un furado escavado no chan (o foxo), no que os lobos eran capturados ou mortos. Os muros podían ser de pedra ou madeira. Adoitaban ter unha lonxitude total de varios centos e metros.

Os veciños da aldea xuntábanse para correr o lobo. Espallábanse en dous grupos polo monte, facendo ruído e acompañados por cans, ían acurralando ao lobo ata levalo ao espazo situado entre os sebes. Unha vez dentro, conducíase ata o pozo, onde o lobo caía e xa non podía saír. É probable que no fondo do pozo houbera unha estacada afiada para ferir ou matar ao animal. Despois rematábase, entrábase por un portelo e quitábase o cadáver.

Os foxos sitúanse en zonas afastadas do monte, en lugares de pendente que facilitan o acoso.

Adscripción cultural

Sen definir

Tipoloxía

Foxo

LOCALIZACIÓN

Parroquia

Corredoira

Lugar

Volta das Sebes

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 545273 Y: 4703505

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.450702 O

Latitude: 42.480647 N

